

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 14.12.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 34391 (10/POC-005457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o balance da participación da Xunta de Galicia no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 37274 (10/POC-005903)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as declaracións do presidente dun partido político nas que se propón a recuperación polo Estado español das competencias en materia de Educación no suposto de falta de lealdade, e as condicións que hai nos sistemas de acceso á función docente respecto do coñecemento da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018
- 1.3 39084 (10/POC-006129)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o coñecemento, os datos e a opinión do Goberno galego respecto da proposta de creación dunha universidade privada en Galicia, a valoración que fai das súas posibles consecuencias para o Sistema universitario galego, así como os parámetros que debe cumprir calquera proxecto universitario privado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 1.4 40578 (10/POC-006334)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito do Sergas, as súas previsións referidas ao impulso dalgunha modificación legal para garantir eses dereitos no eido socioeconómico e a súa posición en relación coas consideracións da Valedora do Pobo respecto da denuncia presentada pola Irmandade da Sanidade Galega referida á progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 39732 (10/PNC-003198)

Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas funcións de control da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da reconstrución e restauración de edificios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

2.2 39812 (10/PNC-003201)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 7 máis
Sobre a habilitación polo Goberno galego, na Casa-Biblioteca Domingo Fontán, no lugar de Porta do Conde, no concello de Portas, dun museo onde se expoña o seu traballo e obra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

2.3 40728 (10/PNC-003302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a dotación por parte do Goberno galego do profesorado necesario no CEIP Virxe da Luz , de Portomarín, para garantir o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34391(10/POC-005457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o balance da participación da Xunta de Galicia no I
Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:12
Nº Rexistro: 34391
Data envío: 07/08/2018 11:12:24.660



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Os días 15 e 16 de marzo de 2018, celebrouse en Pamplona o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica por iniciativa do goberno navarro.

Esta primeira reunión serviu para consolidar a rede e trazar liñas de colaboración, ademais de poñer en común boas prácticas en materia de políticas públicas de memoria histórica.

De igual modo, as comunidades autonómicas asistentes amosaron a súa dispoñibilidade a colaborar na localización de familiares de presos do Forte de San Cristobal no monte Ezkaba, unha das liñas de traballo do goberno de Navarra en memoria histórica.

Nesta prisión estiveron recluídos máis de 700 galegos e moitos atoparon aquí a morte.

A reunión rematou coa firma, por todas as Comunidades Autonómicas asistentes, dunha Declaración Institucional onde se afirma que a convivencia é un dos obxectivos básicos e ineludibles de todas as sociedades democráticas e se fai fincapé en que, para lograr que esa convivencia sexa real e xusta, é preciso proxectar unha mirada crítica sobre o pasado. Unha mirada que, dende valores democráticos e dende uns principios éticos firmes, condene todas as vulneracións de Dereitos Humanos cometidas.

Engade, tamén, que o compromiso dos asinantes, dende o respecto aos Dereitos Humanos e dende a defensa dunha cultura de paz, tolerancia e respecto, está coas persoas que sufriron a inxustiza da violencia tras o golpe militar de 1936 e durante a ditadura franquista.

Á súa vez, apunta que as administracións públicas teñen a responsabilidade de impulsar de forma activa políticas públicas que poñan en valor a memoria do ocorrido como forma de avanzar na consolidación de sociedades máis éticas, máis xustas, máis solidarias e máis democráticas, xa que o

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

esquecemento e a desmemoria debilitan os alicerces dos principios democráticos e só con memoria se pode dar resposta ao dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.

En concreto, e textualmente, os tres puntos finais da declaración son:

- “1. Afirmamos a nosa condena do golpe militar de 1936 e da ditadura franquista, e o noso compromiso cunha cultura de paz, respecto e tolerancia.
2. Mostramos o noso compromiso coa memoria como ferramenta para o recordo da inxustiza da violencia e como medio para construír sociedades máis xustas, máis éticas, máis solidarias e máis democráticas, onde aqueles trágicos acontecementos non poidan volver producirse.
3. Reiteramos o noso compromiso cos Dereitos Humanos e co dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.”

Esta declaración foi firmada por trece comunidades de distinto signo político, pero non por Galicia.

Nas primeiras noticias que se deron ao respecto deste I Encontro en Navarra, aparecía como asistente Galicia, pero todo indica que non se presentou á cita e dende logo é claro que non firmou a Declaración Institucional. Non podemos entender as causas que motivaron esta negativa da Xunta de Galicia que de novo dá as costas ás vítimas da ditadura franquista incluso ás galegas e a toda política de memoria histórica.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª.) Por que a Xunta de Galicia non firmou a Declaración Institucional aprobada no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 2ª.) Por que Galicia non participou xunto coas outras trece autonomías que si estiveron no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 3ª.) Pensa asistir a Xunta de Galicia aos novos Encontros que se celebrarán?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:12
Nº Rexistro: 34391
Data envío: 07/08/2018 11:12:24.660



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 11:11:40

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 11:11:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2018 11:12:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 37274(10/POC-005903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as declaracións do presidente dun partido político nas que se propón a recuperación polo Estado español das competencias en materia de Educación no suposto de falta de lealdade, e as condicións que hai nos sistemas de acceso á función docente respecto do coñecemento da lingua galega

Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:51
Nº Rexistro: 37274
Data envío: 20/09/2018 16:51:49.980



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é de competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e a súa garantía.

Recentemente, o presidente do PP, o señor Pablo Casado, adiantou os cinco alicerces do proxecto reformista que presentará na próxima Convención Nacional do seu partido, entre os que se inclúe que o Estado recupere as competencias en Educación se as comunidades non actúan con lealdade nesta materia.

Entre outras afirmacións dixo que *“Non podemos vivir coa endogamia de que unha autonomía seleccione a profesores polo seu idioma porque é apoiar un sistema de adoutramento que vai en contra do propio futuro dos nosos fillos”*. Afirmacións como a anterior poñen en cuestión non só a capacidade dos distintos gobernos autónomos para xestionar adecuadamente as súas competencias en materia de educación si non que, ademais, introducen a lingua propia daquelas comunidades autónomas que, como a nosa, a posúen como un elemento de ruptura social.

Ademais, a Comunidade Autónoma de Galicia introduce o coñecemento da lingua galega como un elemento máis no sistema de acceso á función docente, como se acredita (por citar a última convocatoria) na Orde do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de



Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que os aspirantes deben estar en posesión do Celga IV, validación do certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4), curso de perfeccionamento da lingua galega, validación do curso de perfeccionamento en lingua galega feita polo órgano competente, o título de licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, certificado de aptitude ou nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou certificado de ter o curso de especialización en lingua galega, así como una proba para as persoas que non poidan acreditar o coñecemento do galego de acordo co establecido.

Como vemos, as declaracións de quen lidera o Partido Popular supoñen unha ameaza sen precedentes para as comunidades autónomas no ámbito educativo entre outros.

Ante esta situación e considerando que o partido político que sustenta ao Goberno galego é o mesmo que o do señor Pablo Casado, o deputado e a deputada que asina formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego aceptables as declaracións que propoñen a recuperación por parte do Estado das competencias en Educación no suposto, sempre subxectivo, de falta de lealdade?

2ª) Pensa o Goberno galego que as condicións existentes sobre o coñecemento da lingua galega nos sistemas de acceso á función docente son prescindibles?

3ª) Se a resposta á pregunta anterior é negativa, considera o Goberno galego que as ditas condicións supoñen un risco dalgún tipo de adoutramento na poboación escolar?

4ª) Se no é así, pensa tomar algún tipo de iniciativa para defender a necesidade de que o profesorado da comunidade autónoma coñeza a lingua galega e, polo tanto, corrixir a posición que parece manter o señor Pablo Casado?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:51
Nº Rexistro: 37274
Data envío: 20/09/2018 16:51:49.980



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2018 16:47:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María de la Concepción Burgo López na data 20/09/2018 16:47:57

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39084(10/POC-006129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento, os datos e a opinión do Goberno galego respecto da proposta de creación dunha universidade privada en Galicia, a valoración que fai das súas posibles consecuencias para o Sistema universitario galego, así como os parámetros que debe cumprir calquera proxecto universitario privado

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39084
Data envío: 18/10/2018 14:07:19.305

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o proxecto para a creación dunha universidade privada en Galiza.

Nos últimos anos tense falado da posibilidade de que na Galiza xurda a que sería a primeira universidade privada do país a partir dun proxecto de ensino superior privado, o IESIDE, promovido en 2016 por Abanca.

O xurdimento, ou non, deste proxecto universitario privado depende do cumprimento do actual marco normativo, especialmente o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galiza, así como da autorización para tal fin da Xunta de Galiza.

O noso país conta cun bo sistema universitario público que, malia os recortes orzamentarios, conseguiu manter un bo nivel formativo e de investigación.

Ao Grupo Parlamentar do BNG preocúpalle que a aparición dunha nova universidade de carácter privado poida supor distorsións coa actual rede pública e consecuencias negativas para o sistema universitario público galego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39084
Data envío: 18/10/2018 14:07:19.305

Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Ten constancia o Goberno galego da proposta de creación dunha universidade privada na Galiza?
- De ser así, que natureza ten o proxecto, en que fase se atopa e quen o promove?
- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a posíbel creación dunha universidade privada no noso país?
- Como valora o Goberno galego as consecuencias que isto tería para o sistema universitario público galego?
- Que parámetros debe cumprir, segundo a Xunta de Galiza, calquera proxecto universitario privado?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39084
Data envío: 18/10/2018 14:07:19.305

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 14:06:41

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 14:06:45

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 14:06:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 14:06:48

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 14:06:49

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 14:06:55

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 40578(10/POC-006334)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito do Sergas, as súas previsións referidas ao impulso dalgunha modificación legal para garantir eses dereitos no eido socioeconómico e a súa posición en relación coas consideracións da Valedora do Pobo respecto da denuncia presentada pola Irmandade da Sanidade Galega referida á progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

A Irmandade da Sanidade Galega (Isaga) denuncia a progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, como é o aparcadoiro, os ascensores, os impresos para as citas e as consultas ou os resultados analíticos.

Esta situación non é exclusiva deste Hospital, pero neste caso motivou unha queixa ante a Valedora do Pobo por parte dun cidadán, que sinalou:

- a exclusión do galego das máquinas de control do aparcadoiro, así como dos seus impresos.
- a exclusión do galego das mensaxes de voz dos ascensores.
- a exclusión do galego dos impresos de citas e as pantallas que informan da quenda.
- a exclusión do galego dos resultados das analíticas.
- a habitual exclusión do galego na atención directa.

Dita queixa deu lugar á apertura dun expediente por parte da Valeduría do Pobo, con número 13692/18.



Ante o requirimento da Valedora do Pobo, a Consellería da Sanidade respondeu que o aparcadoiro do centro hospitalario non pertence ao ámbito asistencial do SERGAS e que está xestionado por unha empresa privada.

Con respecto ao resto de elementos e espazos dos que a lingua galega está excluída, o SERGAS responde que isto se produce porque son “instrumentos elaborados por empresas multinacionais que utilizan só o idioma castelán”. Asemade, di que é difícil modificar o software destes aparatos para incorporar o galego.

A respecto do idioma de atención do persoal, o SERGAS informa á Valedora que o “Sergas se compromete a adoptar as medidas que corresponda para corrixir este problema”.

A Valedora deduce que non se vulneran os dereitos lingüísticos nestes casos, aínda que é evidente que as persoas galegofalantes non teñen opción da lingua galega en todos os ámbitos do SERGAS. A realidade é que as persoas galegofalantes non poden desenvolver unha vida plena en galego.

A normativa vixente recolle o dereito á atención oral e escrita en galego ás persoas consumidoras e usuarias, pero ao non ter un desenvolvemento concreto, poucas empresas en Galiza permiten exercer este dereito.

O artigo 4 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón que o galego, como lingua propia de Galiza, lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

1. - Que medidas ten tomado a Xunta para garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en galego no Sergas?
2. - Vai a Xunta impulsar algunha modificación legal para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico?
3. - Está a Xunta de acordo coa Valedora do Pobo cando considera que os feitos descritos non constitúen unha vulneración dos dereitos lingüísticos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 13:53:50

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2018 13:54:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 13:56
Nº Rexistro: 40578
Data envío: 20/11/2018 13:56:41.836



Luca Chao Pérez na data 20/11/2018 13:54:04

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 13:54:10

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 39732(10/PNC-003198)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas funcións de control da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da reconstrución e restauración de edificios

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**.

Exposición de motivos

O Consello da Xunta vén de aprobar un anteproxecto de lei de rehabilitación e rexeneración urbana que recorta de maneira significativa as obrigas de control da Dirección Xeral de Patrimonio, tanto nas reconstrucións como nas restauracións dos edificios. Se sae adiante, os únicos inmobles que precisarán o permiso previo do departamento de Patrimonio para efectuar obras serán aqueles declarados Bens de Interese Cultural (BICs). No resto dos casos, bastará coa licenza municipal. Desta maneira, asistiremos a situacións paradoxais, xa que os edificios que sexan BICs contarán coa protección extra de Patrimonio, pero os inmobles que non sexan BICs, situados en cascos históricos que si sexan BICs, non, polo que os edificios BICs estarán máis controlados que os cascos históricos BICs, algo que non ten ningunha lóxica.

Eliminar o control extra de Patrimonio nos inmobles que non sexan BICs, facilitará o uso discrecional de materiais, a modificación do propiedade horizontal, unir vivendas en edificios diferentes, agrupar locais comerciais, autorizar que un mesmo portal sexa o acceso a varias construcións, levar a cabo cambios de cuberta e actuacións en carpinterías exteriores e fachadas, etcétera. Non fai falla subliñar que este tipo de obras poderían mudar a faciana dos



espazos declarados BICs, polo que non se entende que reciban unha menor atención que os inmobles declarados BICs individualmente.

Segundo o Presidente da Xunta, a medida tómase para incentivar a rehabilitación e a rexeneración de milleiros de inmobles en mal estado que non son reparados por mor das esixencias actuais que impón a administración autonómica. O argumento é falaz, porque supón que a única solución para motivar aos donos e donas de vivendas para que reparen os edificios é eliminar os controis de Patrimonio, e non considera, nin sequera, a posibilidade de destinar máis recursos para axilizar os trámites do departamento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Destinar máis recursos a Patrimonio que permitan simplificar e axilizar os seus procesos de control.
- Esixir o permiso de Patrimonio a todos os edificios que pretendan realizar obras e que formen parte de zonas declaradas BICs para garantir que se preservan os valores dos espazos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 07/11/2018 09:51:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/11/2018 09:52:06

Luca Chao Pérez na data 07/11/2018 09:52:13

Antón Sánchez García na data 07/11/2018 09:52:19

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 39812(10/PNC-003201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 7 máis

Sobre a habilitación polo Goberno galego, na Casa-Biblioteca Domingo Fontán, no lugar de Porta do Conde, no concello de Portas, dun museo onde se expoña o seu traballo e obra

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 07/11/2018 14:38:53.881

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Domingo Fontán é un dos personaxes máis ilustre e importante de Galicia: xeógrafo, matemático, político, astrónomo, enxeñeiro, filósofo....

Entre os seus innumerables traballos e aportacións á súa terra que tanto amou e defendeu para poder melloralala está o seu logro máis trascendente deste sabio de Porta de Conde a primeira Carta Xeométrica de Galicia.

O mapa de Fontán foi unha obra de enorme importancia para a historia, xeografía e xeometría galega e española pois foi quen lle puxo rostro á nosa terra. Unha obra adiantada ó seu tempo no territorio peninsular que foi o resultado dun laborioso traballo durante 17 anos recorrendo as catro provincias galegas. Un traballo no que podemos observar tres grandezas: a científica, a técnica e a filosófica.

Un longo camiño lévase feito para que este ilustre teña o seu espazo na súa terra que o viu nacer. Creouse unha Asociación Cultural e Deportiva Domingo Fontán que durante todo o ano trata de realizar diversos actos culturais, tanto en Santiago como na Casa Biblioteca Domingo Fontán co apoio sempre do Concello de Portas.

Neste ano 2018 déronse grandes pasos e avances pero debemos seguir descubrindo a Fontán.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 07/11/2018 14:38:53.881

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que dentro dos avances que se están facendo de difusión e posta en valor da figura de Domingo Fontán, se habilite na Casa Biblioteca Domingo Fontán en Porta de Conde, a súa terra natal, un museo no que se expoña o seu traballo e obra e poida ser visitado para divulgar a súa vida e obra.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2018 14:30:55

María Isabel Novo Fariña na data 07/11/2018 14:31:07

Maria Antón Vilasánchez na data 07/11/2018 14:31:17

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2018 14:31:23

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2018 14:31:33

Carlos Gómez Salgado na data 07/11/2018 14:31:36

Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2018 14:31:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2018 14:31:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 07/11/2018 14:38:53.881

Martín Fernández Prado na data 07/11/2018 14:31:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 14.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 40728(10/PNC-003302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dotación por parte do Goberno galego do profesorado necesario no CEIP Virxe da Luz , de Portomarín, para garantir o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40728
Data envío: 22/11/2018 12:17:29.334

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a supresión dun docente no CEIP Virxe da Luz de Portomarín e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP Virxe da Luz, no Concello de Portomarín, vén denunciando desde o inicio do curso 2018-2019 a supresión dun docente malia que o centro conta cun estudante máis matriculado en relación co ano anterior.

Actualmente o centro conta con 33 estudantes e 4 docentes porque o alumnado foi agrupado en dous grupos. Así pois, comparten aula estudantes de 1º, 2º e 3º de Primaria e aqueles que cursan 4º, 5º e 6º.

Desde que iniciaron as súas mobilizacións, as familias conseguiron o apoio de 3 mil sinaturas e mesmo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade. A ANPA exige dotar o centro dos recursos cos que contaba para garantir un ensino de calidade para os seus fillos e, nomeadamente, manter os agrupamentos dentro do mesmo ciclo, isto é, tres grupos e non dous.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40728
Data envío: 22/11/2018 12:17:29.334

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar do profesorado necesario o CEIP Virxe da Luz de Portomarín garantindo o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 12:16:38

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 12:16:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40728
Data envío: 22/11/2018 12:17:29.334

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 12:16:48

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 12:16:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 12:16:55

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 12:16:58